


P[^]NTEAREAS



Concello de
PONTEAREAS

CMUS



Reveriano Soutullo

PROGRAMACIÓN DE HISTORIA DA MÚSICA

(GRAO PROFESIONAL)

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE
MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17

HISTORIA

MATERIA	Historia da música
CURSOS	4º y 5º GP
HORAS LECTIVAS	2 horas semana cada curso.
PROFESOR	Silvino Díaz Carreras
LIBROS DE TEXTO	Non se contempla
MARCO JURÍDICO	- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo - REAL DECRETO 1577/2006, de 22 de diciembre - Decreto 203/2007, do 27 de setembro

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE
MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17**

INTRODUCCIÓN	6
4º CURSO GRADO PROFESIONAL	7
OBXECTIVOS	7
CONTIDOS	8
CONTIDOS CONCEPTUAIS	8
CONTIDOS PROCEDIMENTAIS	9
CONTIDOS ACTITUDINAIS	9
METODOLOGÍA DIDÁCTICA	10
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	10
PARA AVALIAR DITOS CRITERIOS REALIZARÁN UNA SERIE DE ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN:	12
COMO AVALIAR:	12
CÁNDO AVALIAR:	14
MINIMOS ESIXIBLES	15
CRITERIOS DE CUALIFICACION.	15
PROCEDIMIENTOS DE AVALIACION.	16
COMO AVALIAR:	16
CÁNDO AVALIAR:	17
PERDA DE AVALIACION CONTINUA.	19
AMPLIACION A 5º DE GRADO PROFESIONAL.	19
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	20
BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA 4º	20
5º CURSO GRADO PROFESIONAL	21
OBXECTIVOS	21
CONTIDOS	22
CONTIDOS CONCEPTUAIS	22
CONTIDOS PROCEDIMENTAIS	23
CONTIDOS ACTITUDINAIS	23
METODOLOGÍA DIDÁCTICA	24
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	24
QUE AVALIAR :	26
COMO AVALIAR:	26
CÁNDO AVALIAR:	28
MINIMOS ESIXIBLES	28
CRITERIOS DE CUALIFICACION.	29
PROCEDIMIENTOS DE AVALIACION.	29
QUE AVALIAR:	30
COMO AVALIAR:	30
CÁNDO AVALIAR:	31
PERDA DE AVALIACION CONTINUA.	32
AMPLIACION A 6º DE GRADO PROFESIONAL.	33
ACCESO A 5º DE GRADO PROFESIONAL.	33

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE
MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17**

ACCESO A 6º DE GRADO PROFESIONAL.	34
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	34
BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA 5º	34

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE
MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17**

INTRODUCCIÓN

Acorde con el REAL DECRETO 1577/2006, de 22 de diciembre, por el que se fijan los aspectos básicos del currículo de las enseñanzas profesionales de música reguladas por la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. La Historia de la Música al igual que las otras materias del curriculum, deberá proponerse desarrollar en las alumnas y alumnos las capacidades generales y los valores cívicos propios del sistema educativo y, además, las capacidades siguientes:

- a) Habitarse a escuchar música y establecer un concepto estético que les permita fundamentar y desarrollar los propios criterios interpretativos.
- b) Desarrollar la sensibilidad artística y el criterio estético como fuente de formación y enriquecimiento personal.
- c) Analizar y valorar la calidad de la música.
- d) Conocer los valores de la música y optar por los aspectos emanados de ella que sean más idóneos para el desarrollo personal.
- e) Participar en actividades de animación musical y cultural que permitan vivir la experiencia de transmitir el goce de la música.
- f) Conocer y emplear con precisión el vocabulario específico relativo a los conceptos científicos de la música.
- g) Conocer y valorar el patrimonio musical como parte integrante del patrimonio histórico y cultural.

A historia da música débelle descubrir ao alumnado a existencia dun amplo espectro de estilos e de modos de concibir a creación musical. O currículo debe incluír necesariamente unha materia que permita localizar, comprender, asimilar e comentar con facilidade calquera evento sonoro que estea ao alcance

do alumnado. Xa que logo, esta disciplina debe ter un marcado enfoque práctico e utilitario: non se trata, en ningún caso, da simple enumeración de datos, obras, datas e autores que obrigue a realizar un estéril exercicio memorístico. A súa principal finalidade debe ser facerlle comprender ao alumnado que a

música vai alén das pezas ou exercicios técnicos afrontados co seu instrumento día a día.

Debe presentar un amplo panorama histórico en que teñan cabida os períodos en que, cun criterio máis ou menos convencional, se adoita dividir a historia da música, e abordalos dun xeito crítico, con consciencia de que esta é unha das maneiras de contar a historia, pero non a única posible. Por esta razón convén afondar moi especialmente nas épocas que legaron literatura musical, independentemente da existencia doutras correntes anteriores, máis propias dos estudos especializados de musicoloxía que de interese para o alumnado.

4º CURSO GRADO PROFESIONAL

OBXECTIVOS

- a) Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
- b) Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- c) Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
- d) Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época, con intención de obter unha visión máis global do fenómeno musical.
- e) Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, íntimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

CONTIDOS

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- La herencia de la antigüedad:
La música en Grecia y Roma durante la Antigüedad; herencia de la música greco-romana a la música occidental posterior; la música en tiempos del Antiguo Testamento; herencia de la música hebrea a la música occidental.
- El Canto Eclesiástico.
Liturgias primitivas(orientes y occidentes); Canto Gregoriano; el canto franco-romano; de la tradición oral a la notación neumática; neumas y su clasificación, texto, ritmo y tempo gregoriano; Teoría y modos; repertorio clásico (s. IX); formas derivadas del canto gregoriano; tropos y secuencias;
- La monodia profana en la Baja Edad Media.
Trovadores y troveros; Las cantigas de Alfonso X.
- El surgimiento de la polifonía (siglos IX al XIII)
Orígenes de la polifonía; fuentes teóricas y prácticas; San Martial de Limoges; escuela de Notre Dame; Leonin y Perotin; organum y rítmica modal; conducti; motete;
- La música polifónica en el siglo XIV en Francia e Italia
Ars Nova; fuentes teóricas y prácticas; Philippe de Vitry, motete isorrítmico y principales innovaciones; Guillaume de Machaut, la misa en el s. XIV y la Messe de Notre Dame, canciones profanas; Italia en el s. XIV, fuentes teóricas y fuentes prácticas; madrigal primitivo, Francesco Landini, ballata italiana
- El final de la edad media
Contexto social y político de Europa hacia finales del XIV; tradiciones centrales y periféricas durante el cisma; Ars Subtilior; el papado de Aviñón, Matteo Da Perugia y Anthonello de Caserta; Baude Cordier y la notación pictórica.
- Renacimiento
Polifonía inglesa, discanto, fauburden, fuentes, Dunstable, carol y motete;
Evolución de la misa, polifonía continental, seis generaciones de los francoflamencos, impcto de

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17

la imprenta en la edición musical, la notación musical, la teoría musical, música instrumental, reforma y Concilio de Trento, diversificación de las escuelas, Cinquecento y el desarrollo del madrigal, monodia y bajo continuo, Intermedi, inicio de la ópera.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Diferenciar y clasificar audiciones musicales, partituras, textos, géneros, formas, estilos y compositores dentro del período histórico correspondiente.
- Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.
- Comentario de texto literario musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.
- Recoñecemento de notacións antigas, especialmente a notación cadrada gregoriana.
- Análise de características de obras polifónicas (número de voces, textura, etc...).

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Actitude aberta e respetuosa ante os gustos e as opinións dos demais.
- Participar de forma activa na clase tanto nas actividades, lecturas e debates se os houbese.
- Emprego dun vocabulario axeitado aos contidos conceptuais adquiridos.
- Concienciación do significado da música na sociedade.
- Valoración da importancia do son como expresión do ser humano.

METODOLOGÍA DIDÁCTICA

Empregarase a metodoloxía seguinte:

Exposición de contidos.

Escoita de audicións e análise de partituras (cando proceda).

Lectura e comentario de textos na clase relacionados cos contidos da materia.

Visualización de vídeos.

Búsqueda de información por parte do alumnado implica o uso de diferentes materiais e procedementos de indagación, así como unha organización da información obtida mediante presentacións diversas (cadros, esquemas, traballos monográficos, etc.). Toda esta información complementa os puntos dous e catro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para poder avaliar o grado de consecución dos obxectivos propostos nesta programación polo alunado se propoñen os seguintes criterios:

Identificar, a través da audición, obras de diversas épocas e describir as súas características máis salientables. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

Relacionar a Historia da Música coa historia doutros aspectos da cultura e o pensamento.

Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas.

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17

Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada, empregando un léxico axeitado. Este criterio trata de avaliar a capacidade do alumnado á hora de valorar un feito musical concreto

desde unha perspectiva persoal.

Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise. Mediante este criterio preténdese comprobar se o alumnado identifica e sitúa cronoloxicamente os períodos da historia da música, así como se distingue as súas principais características.

Relacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e do pensamento. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores ou obras, no particular, dentro do contexto social e cultural en que se produciron.

Identificar as circunstancias de todo tipo -políticas, culturais, económicas, ideolóxicas, sociais, artísticas, etc.-que poidan incidir no desenvolvemento

evolutivo de cada época, estilo ou autor máis representativos da historia da música occidental. Este criterio avalía a capacidade á hora de analizar a complexidade de circunstancias e intereses que, pola súa importancia, determinan o desenvolvemento musical.

Realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e para relacionalas

coas correntes estilísticas dunha época concreta.

Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en que medida o alumnado é capaz de propor e realizar, en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17

importante a autenticidade, o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas, e non a relevancia nin a oportunidade da temática.

Para avaliar ditos criterios realizaranse unha serie de actividades de avaliación:

Observación da actitude de alumno na clase, para saber se participa activamente na mesma, se propón cuestións, dúbidas ou realiza os exercicios propostos.

Realización de exercicios que consistirán na análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras.

Realización de exercicios escritos sobre diversos contidos, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos illados que se trataron na aula.

Realización de pequenos e sinxelos traballos de investigación sobre algún dos contidos tratados durante o curso.

Que avaliar :

Aqueles aspectos que teñen relación cos obxectivos didácticos de cada unidade, priorizando os que consideremos de maior transcendencia para a aprendizaxe posterior.

A asimilación dos contidos conceptuais.

A adquisición dos procedementos propostos e en qué grao foron asimilados. A actitude do alumno no proceso de aprendizaxe.

A realización dos traballos complementarios e restantes actividades propostas.

Como avaliar:

Mediante proba oral ou escrita, baseada nos contidos conceptuais:

Relacionar a Historia da Música cos outros aspectos da arte e do pensamento de cada época.

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE
MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17

Identificar as circunstancias de todo tipo (políticas, culturais, económicas, ideolóxicas) que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos ou autores máis representativos da historia da música.

Responder a tódalas restantes cuestións teóricas derivadas de cada unidade propostas polo profesor.

Mediante proba oral ou escrita, baseada na audición e/ou partitura.

Identificar, por medio da audición, obras de diferentes épocas e describir as súas características máis importantes.

Recoñecer sobre a partitura os distintos estilos musicais correspondentes a cada período histórico e sinalar as súas trazas esenciais.

Mediante audición e/ou análises, situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características, representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada.

Realizar comentarios de texto acerca do pensamento estético de cada momento histórico.

Mediante os traballos realizados.

Mediante a observación actitudinal na aula.

Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción e penalizaranse as faltas de ortografía.

Os comentarios de audicións ou partituras deberán ser breves. Nos de audicións tan só poderá preguntarse por audicións incluídas nos temas da materia. Aquí deberedes identificar a época, o autor (se se coñece) e a obra da que se trata, así como realizar uns breves comentarios musicais que vos permitan argumentar vosa resposta. Nos comentarios de partituras poderán incluírse partituras non incluídas nos

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE
MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17

temas da materia. Neste caso o alumno deberá comentar brevemente as características da peza en cuestión e situala dentro da súa época, tendencia, autor, etc.

Para o exame dispoñeredes dun tempo máximo dunha hora.

Cándo avaliar:

-Avaliación inicial. Os coñecementos previos do alumno ó comezaren cada unidade.

-Avaliación do proceso.

-Asimilación dos procedementos, resolución de dúbidas acerca dos conceptos, etc. (*ó rematar unha unidade ou un grupo de unidades*).

-Avaliación final.

O referente final da avaliación sumativa o constituirán os obxectivos didácticos. O resultado final terá sempre como punto de referencia os propios obxectivos e o grao no que se cumpriron, establecendo un nivel mínimo.

Pese a que o ideal sería facer a avaliación final de cada unidade ao termo da mesma, co fin de aproveitar ó máximo as horas destinadas a Historia da Música, farase como mínimo unha proba en cada trimestre, segundo os criterios expostos máis arriba, antes de cada avaliación trimestral.

Esta proba poderá incluír todas ou algunhas dos seguintes tipos de cuestións: preguntas teóricas sobre contidos conceptuais, análise estilístico de partitura, análise de audición, comentario de imaxes, comentario de textos. O carácter de cada bloque temático decidirá qué tipo de cuestións, de entre as citadas, conformarán a proba trimestral. Dita proba poderá constar de dúas partes diferenciadas, unha predominantemente teórica e outra predominantemente práctica. Ditas partes se valorarán de xeito ponderado, a criterio do ensinante segundo o carácter específico dos contidos e do tipo de proba. A cualificación final da proba trimestral poderá ser modificada pola consideración da actitude do alumno na aula, seu grao de implicación no traballo na aula e o desenvolvemento das súas capacidades.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Identificar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, os trazos esenciais dos períodos histórico-estilísticos.

Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos con situacións musicais representativas de diversos períodos históricos.

Realizar un comentario crítico a partir dunha audición dunha obra determinada, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado.

Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.

Relacionar a Historia da Música coa historia doutros aspectos da cultura e o pensamento.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A cualificación ten como obxectivo representar fielmente o grao en que un alumno ou alumna acada os obxectivos propostos. A cualificación non debe empregarse nin como incentivo nin como castigo.

A cualificación será numérica en números enteiros sen decimais do 1 ao 10. Neste baremo o 1 representaría a cualificación do alumnado que non acada ningún dos obxectivos propostos e o 10 a do alumnado que acada a totalidade dos obxectivos nun grao de excelencia. A cualificación de 5 sería a asignada ao alumnado que cumpre cos mínimos esixibles.

A cualificación será o resultado da valoración global de todas as actividades de avaliación estipuladas anteriormente.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

Realizaranse unha serie de actividades de avaliación:

Observación da actitude de alumno na clase, para saber se participa activamente na mesma, se propón cuestións, dúbidas ou realiza os exercicios propostos.

Realización de exercicios que consistirán na análise auditiva e/ou sobre partitura.

Realización de exercicios escritos sobre diversos contidos, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos illados que se trataron na aula.

Realización de pequenos e sinxelos traballos de investigación sobre algún dos contidos tratados durante o curso.

Que avaliar:

Aqueles aspectos que teñen relación cos obxectivos didácticos de cada unidade, priorizando os que consideremos de maior transcendencia para a aprendizaxe posterior.

A asimilación dos contidos conceptuais.

A adquisición dos procedementos propostos e en qué grao foron asimilados. A actitude do alumno no proceso de aprendizaxe.

A realización dos traballos complementarios e restantes actividades propostas.

Como avaliar:

Mediante proba oral ou escrita, baseada nos contidos conceptuais:

Relacionar a Historia da Música cos outros aspectos da arte e do pensamento de cada época.

Identificar as circunstancias de todo tipo (políticas, culturais, económicas, ideolóxicas) que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos ou autores máis representativos da historia da música.

Responder a tódalas restantes cuestións teóricas derivadas de cada unidade propostas polo profesor.

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE
MUSICOLOXÍA CURSO 2016/17

Mediante proba oral ou escrita, baseada na audición e/ou partitura.

Identificar, por medio da audición, obras de diferentes épocas e describir as súas características máis importantes.

Recoñecer sobre a partitura os distintos estilos musicais correspondentes a cada período histórico e sinalar as súas trazas esenciais.

Mediante audición e/ou análises, situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características, representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada.

Realizar comentarios de texto acerca do pensamento estético de cada momento histórico.

Mediante os traballos realizados.

Mediante a observación actitudinal na aula.

Cándo avaliar:

-Avaliación inicial. Os coñecementos previos do alumno ao comezaren cada unidade. de diversas obras.

-Avaliación do proceso.

– Asimilación dos procedementos, resolución de dúbidas acerca dos conceptos, etc
(ó rematar unha unidade ou un grupo de unidades).

Avaliación final.

– O referente final da avaliación sumativa o constituirán os obxectivos didácticos. O resultado final terá sempre como punto de referencia os obxectivos e o grao no que se cumpriron, establecendo un nivel mínimo.

A) XUÑO

Pese a que o ideal sería facer a avaliación final de cada unidade ao termo da mesma, co fin de aproveitar ó máximo as horas destinadas a Historia da Música, farase como mínimo unha proba en cada trimestre, segundo os criterios expostos máis arriba, antes de cada avaliación trimestral. Esta proba poderá incluír todas ou algunhas dos seguintes tipos de cuestións: preguntas teóricas sobre contidos conceptuais, análise estilístico de partitura, análise de audición, comentario de imaxes, comentario de textos. O carácter de cada bloque temático decidirá qué tipo de cuestións, de entre as citadas, conformarán a proba trimestral. Dita proba poderá constar de dúas partes diferenciadas, unha predominantemente teórica e outra predominantemente práctica. Ditas partes se valorarán de xeito ponderado, a criterio do ensinante segundo o carácter específico dos contidos e do tipo de proba. A cualificación final da proba trimestral poderá ser modificada pola consideración da actitude do alumno na aula, seu grao de implicación no traballo na aula e o desenvolvemento das súas capacidades.

A cualificación final de xuño será unha ponderación das diferentes cualificacións obtidas nos sucesivos trimestres.

B) SETEMBRO.

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas do período comprendido entre o inicio da música medieval e o período barroco medio. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas.

Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 4º de Grao Profesional. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 4º curso.

PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

O alumno que perda o dereito avaliación continua terá dereito a realización dunha proba a final de curso, das seguintes características:

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas do período comprendido entre o inicio da música medieval e o final do renacemento. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas.

Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 4º de Grao Profesional. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 4º curso

AMPLIACIÓN A 5º DE GRAO PROFESIONAL.

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas do período comprendido entre o inicio da música medieval e o final do renacemento. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas.

Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 4º de Grao Profesional. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 4º curso.

Medidas de atención á diversidade

Non se contempla ningunha medida deste tipo xa que o alumnado que cursa esta materia non presenta ningunha necesidade especial en relación coa diversidade.

Bibliografía recomendada 4º

- *The New Oxford History of Music* (Oxford: Oxford University Press, 1975)
- Juan Carlos Asensio, *El canto gregoriano. Historia, liturgia, formas...* (Madrid: Alianza Música, 2003)- Alan Atlas: *La música en el Renacimiento* (Madrid: Akal, 2002)
- Alan Atlas: *Antología de la música en el Renacimiento* (Madrid: Akal, 2002)
- Howard Mayer Brown: *Music in Renaissance* (New Jersey: Prentice Hall, Inc., 1976)
- James Caldwell: *La música medieval* (Madrid: Alianza Editorial, 1984)
- Giulio Cattin: *Historia de la música, 2. El medioevo. Primera parte*, (Madrid: Turner Música, 1987)
- Iain Fenlon (ed.): *The Renaissance. From the 1470s to the end of 16th century* (New Jersey: Prentice Hall, 1989)
- F. Alberto Gallo: *Historia de la música, 3. El medioevo. Segunda parte*, (Madrid: Turner Música, 1987)
- Donald J. Grout & Claude V. Palisca: *Historia de la música occidental, 2 vols., vol. 1* (Madrid: Alianza Música, 1984)
- Richard H. Hoppin: *La música medieval* (Madrid: Akal, 1991)
- Richard H. Hoppin: *Antología de la música medieval* (Madrid: Akal, 2002)
- Tess Knighton & David Fallows: *Companion to Medieval and Renaissance music* (London: J. M. Dent

& Sons Ltd., 1992)

- James McKinnon: *Antiquity and the Middle Ages. From Ancient Greece to the 15th century, Man and Music*, vol. 1 (New Jersey: Prentice Hall, 1990)
- Ulrich Michels: *Atlas de la música*, I (Madrid: Alianza Editorial, 1982)
- Don Randel: *Diccionario Harvard de la música* (Madrid, Alianza Editorial, 1997)
- Stanley Sadie (ed.): *The New Grove Dictionary of Music and Musicians*, London, MacMillan, Second Edition, 2001.
- Reinhardt Strohm: *The Rise of European Music, 1380-1500* (Cambridge: Cambridge University Press, 1993)

5º CURSO GRADO PROFESIONAL

OBJECTIVOS

- a) Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
- b) Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- c) Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
- d) Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións esta

blecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época, con intención de obter unha visión máis global do fenómeno musical.

e) Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, íntimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

CONTIDOS

CONTIDOS CONCEPTUAIS

○ **Barroco musical**

períodos, características, clasificación dos estilos; Música florentina, Camerata Bardi, recuperación da cultura grega, desenvolvemento musical en Florencia durante o último cuarto do século XVI e primeiros anos do século XVII, Ducado de Medici, os intermedi, ópera temperá, a nova música, Claudio Monteverdi: ópera e madrigales, seconda pratica e inicio das polémicas musicais (Artusi vs Monteverdi); Xéneros cultivados en Holanda e Inglaterra, Purcell, Sweelinck; Cantata barroca italiana; Bach e Haendel; A música en Europa segunda metade do XVIII, Preclasicismo, problemas terminolóxicos (rococó, empfindsamkeit, estilo galante, etc...), Sturm und Drang, Carl Philipp Emanuel Bach.

○ **Siglo XIX**

Música e romanticismo; nacionalismo; Sistema produtivo da música do XIX: Institucionalización da música, os teatros de ópera ; Tres actores principais: Ludwig van Beethoven, Franz Liszt e Richard Wagner; A música do século XIX: a música orquestral, os xéneros operísticos de tradición italiana e francesa, música e poesía, a música para piano.

○ **Siglo XX: *modernismo* y *Nueva Música***

A música no século XX, vangarda europea us experimentalismo americano, os outros ?ismos musicais, vida musical durante o período, técnicas de composición; Modernismo de Stravinsky, período ruso, Ballets Russes, etapa francesa, etapa americana; Bela Bartok, nacionalismo húngaro, etnomusicología, obras escénicas, neo-clasicismo anos 20, experiencia americana; A música na época de entreguerras, o público, a música latino-americana, México: Carlos Chávez e Silvestre Revoltas, Cuba, España, EEUU, a Italia fascista de Luigi Dallapiccola, Hindemith e a música alemá, a música na URSS Prokofiev, Messiaen e A Jeune France; A vangarda europea posterior a 1945, a música aleatoria, novos camiños na década dos sesenta; o experimentalismo americano: John Cage; Minimalismo e minimal, orixes estéticas, compositores e obras; despois do 68 a posmodernidad, arte e posmodernismo, A pluralidade da década dos 60: Maxwell Davies e B. Alois Zimmermann, a cita e a colaxe, pos-serialismo, a pop music, novas sínteses: S.XXI; A música electroacústica; Arnold Schoenberg e as súas diferentes fases creativas.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

Discriminación de instrumentos. Recoñecemento de estruturas formais simples e desenvolvidas. Análise auditivo de estruturas tonais. Recoñecemento de conxuntos instrumentais estandarizados. Análise sobre partitura de series dodecafónicas. Identificación auditiva ou sobre partitura de linguaxes non tonais. Manexo e xestión de bibliografía básica e/ou outras fontes de información;

CONTIDOS ACTITUDINAIS

Interese polo descubrimento de repertorio menos coñecido. Apreciar a influencia da música romántica na música dos nosos días. Valorar a importancia das novas ideas en música e consideralas o principal vector de influencia na creación musical no actual estilo compositivo. Ser conscientes das diferenzas do destino das composicións entre os autores actuais e os de outras épocas.

METODOLOGÍA DIDÁCTICA

Empregarase a metodoloxía seguinte:

Exposición de contidos.

Escoita de audicións e análise de partituras (cando proceda).

Lectura e comentario de textos na clase relacionados cos contidos da materia.

Visualización de videos.

Búsqueda de información por parte do alumnado implica o uso de diferentes materiais e procedementos de indagación, así como unha organización da información obtida mediante presentacións diversas (cadros, esquemas, traballos monográficos, etc.). Toda esta información complementa os puntos dous e catro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para poder avaliar o grado de consecución dos obxectivos propostos nesta programación polo alumnado se propoñen os seguintes criterios:

Identificar, a través da audición, obras de diversas épocas e describir as súas características máis salientables. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

Relacionar a Historia da Música coa historia doutros aspectos da cultura e o pensamento.

Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas.

Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada, empregando un léxico

axeitado. Este criterio trata de avaliar a capacidade do alumnado á hora de valorar un feito musical concreto desde unha perspectiva persoal.

Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise. Mediante este criterio preténdese comprobar se o alumnado identifica e sitúa cronoloxicamente os períodos da historia da música, así como se distingue as súas principais características.

Relacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e do pensamento. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores ou obras, no particular, dentro do contexto social e cultural en que se produciron.

Identificar as circunstancias de todo tipo -políticas, culturais, económicas, ideolóxicas, sociais, artísticas, etc.-que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo de cada época, estilo ou autor máis representativos da historia da música occidental. Este criterio avalía a capacidade á hora de analizar a complexidade de circunstancias e intereses que, pola súa importancia, determinan o desenvolvemento musical.

Realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e para relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en que medida o alumnado é capaz de propor e realizar, en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante a autenticidade, o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas, e non a

relevancia nin a oportunidade da temática.

Para avaliar ditos criterios realizaranse unha serie de actividades de avaliación:

Observación da actitude de alumno na clase, para saber se participa activamente na mesma, se propón cuestións, dúbidas ou realiza os exercicios propostos.

Realización de exercicios que consistirán na análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras.

Realización de exercicios escritos sobre diversos contidos, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos illados que se trataron na aula.

Realización de pequenos e sinxelos traballos de investigación sobre algún dos contidos tratados durante o curso.

Que avaliar :

Aqueles aspectos que teñen relación cos obxectivos didácticos de cada unidade, priorizando os que consideremos de maior transcendencia para a aprendizaxe posterior.

A asimilación dos contidos conceptuais.

A adquisición dos procedementos propostos e en qué grao foron asimilados. A actitude do alumno no proceso de aprendizaxe.

A realización dos traballos complementarios e restantes actividades propostas.

Como avaliar:

Mediante proba oral ou escrita, baseada nos contidos conceptuais:

Relacionar a Historia da Música cos outros aspectos da arte e do pensamento de cada época.

Identificar as circunstancias de todo tipo (políticas, culturais, económicas, ideolóxicas) que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos ou autores máis representativos da historia da música.

Responder a tódalas restantes cuestións teóricas derivadas de cada unidade propostas polo profesor.

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE
MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17

Mediante proba oral ou escrita, baseada na audición e/ou partitura.

Identificar, por medio da audición, obras de diferentes épocas e describir as súas características máis importantes.

Recoñecer sobre a partitura os distintos estilos musicais correspondentes a cada período histórico e sinalar as súas trazas esenciais.

Mediante audición e/ou análises, situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características, representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada.

Realizar comentarios de texto acerca do pensamento estético de cada momento histórico.

Mediante os traballos realizados.

Mediante a observación actitudinal na aula.

Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción e penalizaranse as faltas de ortografía.

Os comentarios de audicións ou partituras deberán ser breves. Nos de audicións tan só poderá preguntarse por audicións incluídas nos temas da materia. Aquí deberedes identificar a época, o autor (se se coñece) e a obra da que se trata, así como realizar uns breves comentarios musicais que vos permitan argumentar vosa resposta. Nos comentarios de partituras poderán incluírse partituras non incluídas nos temas da materia. Neste caso o alumno deberá comentar brevemente as características da peza en cuestión e situala dentro da súa época, tendencia, autor, etc.

Para o exame dispoñeredes dun tempo máximo dunha hora.

Cándo avaliar:

-Avaliación inicial. Os coñecementos previos do alumno ó comezaren cada unidade.

-Avaliación do proceso.

-Asimilación dos procedementos, resolución de dúbidas acerca dos conceptos, etc. (*ó rematar unha unidade ou un grupo de unidades*).

-Avaliación final.

O referente final da avaliación sumativa o constituirán os obxectivos didácticos. O resultado final terá sempre como punto de referencia os propios obxectivos e o grao no que se cumpriron, establecendo un nivel mínimo.

Pese a que o ideal sería facer a avaliación final de cada unidade ao termo da mesma, co fin de aproveitar ó máximo as horas destinadas a Historia da Música, farase como mínimo unha proba en cada trimestre, segundo os criterios expostos máis arriba, antes de cada avaliación trimestral.

Esta proba poderá incluír todas ou algunhas dos seguintes tipos de cuestións: preguntas teóricas sobre contidos conceptuais, análise estilístico de partitura, análise de audición, comentario de imaxes, comentario de textos. O carácter de cada bloque temático decidirá qué tipo de cuestións, de entre as citadas, conformarán a proba trimestral. Dita proba poderá constar de dúas partes diferenciadas, unha predominantemente teórica e outra predominantemente práctica. Ditas partes se valorarán de xeito ponderado, a criterio do ensinante segundo o carácter específico dos contidos e do tipo de proba. A cualificación final da proba trimestral poderá ser modificada pola consideración da actitude do alumno na aula, seu grao de implicación no traballo na aula e o desenvolvemento das súas capacidades.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Identificar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, os trazos esenciais dos períodos histórico-estilísticos.

Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos con situacións musicais representativas de diversos períodos históricos.

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17

Realizar un comentario crítico a partir dunha audición dunha obra determinada, con ou sen partitura, empregando un léxico axeitado.

Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.

Relacionar a Historia da Música coa historia doutros aspectos da cultura e o pensamento.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A cualificación ten como obxectivo representar fielmente o grao en que un alumno ou alumna acada os obxectivos propostos. A cualificación non debe empregarse nin como incentivo nin como castigo.

A cualificación será numérica en números enteiros sen decimais do 1 ao 10. Neste baremo o 1 representaría a cualificación do alumnado que non acada ningún dos obxectivos propostos e o 10 a do alumnado que acada a totalidade dos obxectivos nun grao de excelencia. A cualificación de 5 sería a asignada ao alumnado que cumpre cos mínimos esixibles.

A cualificación será o resultado da valoración global de todas as actividades de avaliación estipuladas anteriormente.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Realizaranse unha serie de actividades de avaliación:

Observación da actitude de alumno na clase, para saber se participa activamente na mesma, se propón cuestións, dúbidas ou realiza os exercicios propostos.

Realización de exercicios que consistirán na análise auditiva e/ou sobre partitura.

Realización de exercicios escritos sobre diversos contidos, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos illados que se trataron na aula.

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17

Realización de pequenos e sinxelos traballos de investigación sobre algún dos contidos tratados durante o curso.

Que avaliar:

Aqueles aspectos que teñen relación cos obxectivos didácticos de cada unidade, priorizando os que consideremos de maior transcendencia para a aprendizaxe posterior.

A asimilación dos contidos conceptuais.

A adquisición dos procedementos propostos e en qué grao foron asimilados. A actitude do alumno no proceso de aprendizaxe.

A realización dos traballos complementarios e restantes actividades propostas.

Como avaliar:

Mediante proba oral ou escrita, baseada nos contidos conceptuais:

Relacionar a Historia da Música cos outros aspectos da arte e do pensamento de cada época.

Identificar as circunstancias de todo tipo (políticas, culturais, económicas, ideolóxicas) que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos ou autores máis representativos da historia da música.

Responder a tódalas restantes cuestións teóricas derivadas de cada unidade propostas polo profesor.

Mediante proba oral ou escrita, baseada na audición e/ou partitura.

Identificar, por medio da audición, obras de diferentes épocas e describir as súas características máis importantes.

Recoñecer sobre a partitura os distintos estilos musicais correspondentes a cada período histórico e sinalar as súas trazas esenciais.

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE
MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17

Mediante audición e/ou análises, situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características, representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada.

Realizar comentarios de texto acerca do pensamento estético de cada momento histórico.

Mediante os traballos realizados.

Mediante a observación actitudinal na aula.

Cándo avaliar:

-Avaliación inicial. Os coñecementos previos do alumno ao comezaren cada unidade. de diversas obras.

-Avaliación do proceso.

– Asimilación dos procedementos, resolución de dúbidas acerca dos conceptos, etc
(ó rematar unha unidade ou un grupo de unidades).

Avaliación final.

– O referente final da avaliación sumativa o constituirán os obxectivos didácticos. O resultado final terá sempre como punto de referencia os obxectivos e o grao no que se cumpriron, establecendo un nivel mínimo.

A) XUÑO

Pese a que o ideal sería facer a avaliación final de cada unidade ao termo da mesma, co fin de aproveitar ó máximo as horas destinadas a Historia da Música, farase como mínimo unha proba en cada trimestre, segundo os criterios expostos máis arriba, antes de cada avaliación trimestral. Esta proba poderá incluír todas ou algunhas dos seguintes tipos de cuestións: preguntas teóricas sobre contidos conceptuais, análise estilístico de partitura, análise de audición, comentario de imaxes, comentario de textos. O carácter de cada bloque temático decidirá qué tipo de cuestións, de entre as citadas, conformarán a proba

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE MUSICOLOGÍA CURSO 2016/17

trimestral. Dita proba poderá constar de dúas partes diferenciadas, unha predominantemente teórica e outra predominantemente práctica. Ditas partes se valorarán de xeito ponderado, a criterio do ensinante segundo o carácter específico dos contidos e do tipo de proba. A cualificación final da proba trimestral poderá ser modificada pola consideración da actitude do alumno na aula, seu grao de implicación no traballo na aula e o desenvolvemento das súas capacidades.

A cualificación final de xuño será unha ponderación das diferentes cualificacións obtidas nos sucesivos trimestres.

B) SETEMBRO.

📌 O exame de Setembro será global, é dicir, de toda a materia, sen conservarse a nota alcanzada ao longo do curso nas diferentes avaliacións. Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas do período comprendido entre o inicio da música medieval e o período barroco medio. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas.

Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 4º de Grao Profesional. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 4º curso.

PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

O alumno que perda o dereito a avaliación continua terá dereito a realización dunha proba a final de curso, das seguintes características:

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas do período comprendido entre o inicio da música medieval e o final do renacemento. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que

definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas.

Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 4º de Grao Profesional. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 4º curso

AMPLIACIÓN A 6º DE GRAO PROFESIONAL.

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas do período comprendido entre o inicio da música medieval e o final do renacemento. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas.

Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 5º de Grao Profesional. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 5º curso.

ACCESO A 5º DE GRAO PROFESIONAL.

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas do período comprendido entre o inicio da música medieval e o período barroco medio. Non se valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas.

Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 5º de Grao Profesional. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 4º curso.

ACCESO A 6º DE GRAO PROFESIONAL.

Realización escrita dunha análise e contextualización histórica, de varias audicións musicais significativas do período comprendido entre o barroco tardío e a música da actualidade. Non valorará o recoñecemento dos fragmentos nin dos autores, senón a descrición das características que definan a cada unha das audicións, como representativas dun determinado estilo ou período histórico. O número de audicións variará en función da duración das mesmas.

Resposta por escrito a diversas preguntas sobre os contidos da programación de 5o de Grao Profesional. Ditas preguntas poderán ter diversos formatos (definicións, respostas múltiples, desenvolvemento de temas xenéricos...), co obxecto de avaliar a adquisición por parte do alumnado dos diversos contidos da programación do 5º curso.

Medidas de atención á diversidade

Non se contempla ningunha medida deste tipo xa que o alumnado que cursa esta materia non presenta ningunha necesidade especial en relación coa diversidade.

Bibliografía recomendada 5º

BENEDETTO, R. Di: *El siglo XIX. Primera parte, Historia de la música*, vol. 8, Madrid, TurnerMúsica, 1987.

ABRAHAM, G.: *Cien años de música*, Madrid, Alianza Música, 1985 (la primera edición inglesa es de 1964).

BENEDETTO, R. Di: *El siglo XIX. Primera parte, Historia de la música*, vol. 8, Madrid, Turner Música, 1987.

- CASINI, C.: *El siglo XIX. Segunda parte, Historia de la música*, vol. 9, Madrid, Turner Música, 1987.
- DAHLHAUS, C.: *Nineteenth Century Music*, Berkeley y Los Angeles, California University Press, 1989 (la primera edición alemana es de 1980).
- DELLA SETA, F.: *Italia e Francia nell'Ottocento*, Torino: Edt, 1993 (Storia della Musica a cura della Società Italiana di Musicologia, vol.9).
- EINSTEIN, A.: *La música en la época romántica*, Madrid, Alianza Música, 1986 (la primera edición americana es de 1947).
- FINSON, Jon W.: *Nineteenth-Century Music: The Western Classical Tradition*, EnglewoodCliffs, New Jersey, 2002.
- Nineteenth Century Music* (disponible en <http://www.jstor.org>)
- PLANTINGA, L.: *La música romántica. Una historia del estilo musical en la Europa decimonónica*, Madrid, Akal Música, 1992 (la primera edición americana es de 1984).
- RINGER, A. (ed.): *The Early Romantic Era. Between Revolutions: 1789 and 1848*, vol. 6, en SADIE, S.: (ed. general), *Man and Music Series*, London, Macmillan Press, 1990.
- SANSON, J. (ed.): *The Late Romantic Era*, vol. 7, en SADIE, S.: (ed. general), *Man and Music Series*, London, Macmillan Press, 1990.
- SOLIE, R. (ed.): *The Nineteenth Century*, vol. 6 de Oliver Strunk (ed.), *Source Readings in Music History* (edición revista a cargo de Leo Treitler), New York, W.W. Norton, 1998.
- TARUSKIN, R.: *The Oxford of Western Music, vol. 3, The Nineteenth-Century*, Oxford, Oxford University Press, 2005.
- WEISS, P. y TARUSKIN, R. (eds.), *Music in the Western World. A history in documents*, Belmont, Schirmer/Thomson Learning, 1984.
- WHITALL, A.: *Romantic Music. A concise History from Schubert to Sibelius*, London, Thames and Hudson, 1987.

- Frisch, Walter, *The early works of Arnold Schoenberg*, Berkeley, University of California Press, 1993.
- Frisch, Walter (ed.) : *Schoenberg and His World*. Princeton, Princeton University Press, 1999.
- García Laborda, José María, *El expresionismo musical de A. Schönberg*. Universidad de Murcia, 1989.
- Haimo, Etham, *Schoenberg's serial odyssey, the evolution of his twelve-tone method, 1914-1928*(Oxford, Clarendon Press, 1990).
- Paz, Juan Carlos, *Arnold Schoenberg o el fin de la era tonal*, Buenos Aires, Nueva Visión, 1958.
- Perle, George, *Serial composition and atonality: an introduction to the music of Schönberg, Bergand Webern*, London, Faber, 1962.
- Poirier, Alain, *L'expressionnisme et la musique*, Paris, Fayard, 1995.
- Rognoni, Luigi, *La scuola musicale di Vienna. Espressionismo e dodecafonia*, Torino, Giulio Einaudi Editore, 1974.
- Simms, Bryan, *The Atonal Music of Arnold Schoenberg 1908-1923*, New York, Oxford University Press, 2000.
- Smith, J. A.: *Schoenberg and his circle, a Viennese portrait*. New York, Schirmer Books, 1986.
- HARRISON C. Y WOOD P.(ed.): *Art in Theory, (1815-1900)*, Oxford, Blackwell, 1998 y *Art in Theory (1900-1990)*, Oxford, Blackwell, 1992.
- BOTSTEIN, L. «Modernism», en Stanley Sadie (ed.), *The New Grove Dictionary of Music and Musicians*, 2ª edición on line.
- LANZA, A.: *El siglo XX. Primera parte parte, Historia de la música*, vol. 9, Madrid, Turner Música, 1986.
- MACHLIS, J.: *Introduction to Contemporary Music*, New York, London, Norton, 1979.
- MESSING, S.: *Neoclassicism in Music: From the Genesis of the Concept to through the Schoenberg/Stravinsky Polemic*, Ann Arbor, UMI Research Press, 1988.
- WATKINS, G.: *Pyramids at the Louvre, Music Culture, and collage from Stravinsky to the Postmodernists*, Cambridge (Mass.), London, The Belknap Press of Harvard University Press, 1994